

¿Quen me quere adoptar?



¿Quen me quere adoptar?

Fina Casalderrey

Ilustracións de Mª Fe Quesada

PREMIO THE WHITE RAVENS 2006

Título:
Autor:
Ilustrador:
Editorial:
Colección:
Nº páxinas:
ISBN:
Idade:

¿Quen me quere adoptar?
Fina Casalderrey
Mª Fe Quesada
Xerais
Merlín
58
97884-9782-359-3
De 7 anos en diante

XERAI S



a autora

Fina Casalderrey (Xeve, 1951)

É profesora e traballou no ensino primario e secundario.

Realizou unha publicación na cal recolle o seu traballo na escola en relación ao teatro: *Recursos teatrais para a expresión dramática na escola. 7 pezas para representar*.

Tamén escribiu, xunto con Mariano García, *O libro da empanada, A repostería en Galicia e Festas gastronómicas de Galicia*.

Autora de numerosos libros de literatura infantil e xuvenil, obtivo numerosos galardóns polas súas obras: *Dúas bágoas por Máquina* (Premio Merlín, 1991), *O misterio dos fillos de Lúa* (Premio Barco de Vapor, 1995 e Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil 1996), *O estanque dos parrulos pobres* (Premio Edebé de Literatura Infantil, 1996). En 1996 obtivo o Premio Cidade de Pontevedra pola totalidade da súa obra.

Publica para un banzo moi amplo de idade, que vai dende os primeiros lectores ata os adolescentes. Podemos citar entre outros: *Chamizo* (Lista de Honra de CLIJ en 1994), *Prohibido casar papá* (White Ravens 1998), *Ás de mosca para Anxo, O misterio do cemiterio vello* (Premio Lecturas no 2000), *Pimpín e dona Gata, A derradeira carta aos Reis Magos, Cando a Terra deixou de xirar, Mutacións xenéticas, Lúas de nácara, Eu son eu, ¿Sobrevives?, ¡Puag, que noxo!* (Lista de Honra de CLIJ en 1998), *Podsvir, Unha ratña negra, Nolo e os ladróns de leña...*

a ilustradora

M^a Fe Quesada

Nace a finais dos cincuenta, en Zamora, nunha familia de tradición artística. A partir dos anos oitenta dedícase ao campo da ilustración, traballando para diferentes editoriais. Foi seleccionada para a exposición de ilustradores do Premio Internacional Catalonia en 1986 e para a Bienal de Ilustración de Bratislava en 1991 e 1993. Á par diso, tamén pinta e participa en diferentes exposicións.

Ademais de ilustradora infantil, pode considerarse portadista e cartelista.

Ilustrou case un centenar de libros, entre os que podemos citar *A princesa Lúa e o enigma de Kian*, *Brandón fillo de Ferreol*, *Rimas con letra*, *Cantarolas*, *Os Enredos de Olalla*, *Adiviñas*, *As Cinco Amigas*, *Xogos Infantís*, *Manual para unha pequena bruxa*, *A Nena Branca de Vilamaxín*, *Cincenta*, *A Serea do Deserto...*

o libro

Premio The White Ravens 2006.


Recolle a historia dun vello mestre que ten como única familia unha filla médica que está a traballar en África. Séntese só e decide ofrecerse a quen o queira adoptar, pero ha ser unha familia con nenos. Coloca o cartel e espera. A primeira que chega é unha nai cun pequeno ditador, cos que non quererá marchar. Logo, terá a sorte de que apareza outra nai, esta cuns trillizos estupendos, cos que se irá o bo de Manuel.

A partir de entón, compartirá casa, mantel e libro con esta marabillosa familia e sentirá que o mundo está contento.

temas e valores




A vellez
ou terceira idade.




O peso da soidade non buscada




Os sentimentos
a ledicia ou a tristeza coa que vemos o mundo cando nos sentimos desa maneira.



A toma de decisións
Cando o vello mestre é consciente do que lle pasa, decide poñerlle solución e escribe o anuncio. A felicidade está á man, só tes que pórllle imaxinación e audacia.



O gusto pola lectura
O libro está moi presente tanto nas ilustracións coma no texto, polo que pasa a ser, tamén, protagonista desta historia.



Os pequenos ditadores e a infancia amable
Non todos os nenos son iguais, hainos maleducados e agresivos coma aquel primeiro ao que non se pode contrariar (¡e así lle vai!) e tamén os hai encantadores coma os trillizos cos que decide vivir Manuel.

actividades

* As actividades que se propoñen, a continuación, están pensadas para que o profesorado elixa aquelas que poidan resultar máis adecuadas para o seu alumnado ou para a dinámica do grupo.

Antes da lectura

- Co libro na man iremos elaborando hipóteses acerca do seu contido. En base ao debuxo da portada e ao título anticiparemos a historia. Poremos en común estas aproximacións.
- Detémonos no título, na súa orixinalidade, no interrogante de quen se estará a ofrecer para adopción...
- Buscamos outros títulos así de sorprendentes.
- Falamos da adopción, do que sabemos, dos adoptados que coñecemos, do que opinamos ao respecto...
- Probamos a escribir a historia que supoñemos detrás do título.
- Lemos o texto que aparece na contraportada e seguimos a conxecturar acerca da historia.
- Aínda podemos mirar as ilustracións e, sen ler, imaxinar esa historia que hai agochada no libro.
- Buscamos o nome da autora e intercambiamos a información que temos acerca dela. Lemos a lapela na que veñen os seus datos, falamos dos libros que aparecen citados e dos que están na outra lapela, de cales limos e da opinión que nos mereceron.
- Vemos de quen son as ilustracións, opinamos sobre elas e sobre a ilustradora se a coñecemos doutros libros. Lemos a información que sobre ela aparece na lapela deste texto.
- Observamos detidamente a ilustración da portada e o que nos suxire.
- Localizamos os libros escritos por Fina Casalderrey e os ilustrados por M^a Fe Quesada para realizar unha exposición.
- Podemos falar da colección á que pertence, o nome que ten, a razón deste nome, a nosa opinión sobre o formato dos libros, as ilustracións e a letra...

Ao longo da lectura

- Lemos a dedicatoria e buscamos algo que nos chame a atención nela.
- Lemos o conto, cada un ao seu ritmo, no tempo que necesite para gozalo e saborear tanto o texto coma as ilustracións.
- Imos comentando as ilustracións, entre nós: o que vemos, o que nos chama a atención, que nos parecen as casas, os mobles e as roupas, que nos gusta ou desgusta...
- Vemos se somos quen de descubrir algún dos títulos ou autores dos libros que aparecen nas ilustracións.
- Estamos ante un libro no que aparecen outros libros. Podemos ir reproducindo as portadas daqueles que nos gustan e que colocaríamos no libro que escribimos nós.

actividades

- Falamos da soidade, de cando nos sentimos sos. Tentamos explicar a sensación, representala por medio de cores, palabras... Tentamos relacionar a soidade cos sentimentos: como a vemos, con que son a asociamos, que sabor ten...
- Tratamos de definir a soidade.
- Pensamos noutros libros que traten o tema da soidade ou da vellez.
- Podemos falar dos mestres maiores que coñecemos ou doutras persoas da terceira idade aínda que non sexan mestres. Tentaremos explicar a denominación «terceira idade» e cales serían as outras idades.
- Contestamos ás preguntas:
 - A quen coñecemos que use gorro para durmir?
 - Que merendamos nós? No noso caso teríamos que falar de libros a esa hora?
 - Manuel tiña centos e centos de libros e aínda mercaba máis. Cantos temos cada un de nós? Animémonos a facer unha listaxe que será coma un libro de rexistro no que estarán os seus títulos e autores (así, poderemos prestalos sen perdelos).
 - Como se chama o gato?
 - Temos algunha mascota? Quen a coida?
 - Con que se compara aos libros no texto?
 - Que sabemos de África, o continente no que está a filla de Manuel?
 - Sobrounos tempo algunha vez ata o punto de non saber que facer con el?
 - Consideras que o mestre estaba so de todo ou non?
 - Que pasou coa muller de Manuel?
 - Estariades dispostos a adoptar un avó?
 - Seríamos quen de poñerlle outro nome a esta historia?
- Ás veces o mundo parece rir, outras está triste. Describamos estas sensacións mediante un texto.
- Os carteis serven para anunciar e anunciarse. Por equipos realicemos carteis que ofrezan cousas imposibles.
- Se tivesemos que anunciarnos a nós mesmos deberíamos pensar, por un lado, no que quixeríamos e, polo outro, que ofrecemos. Manuel escribe que sabe latín e matemáticas; que poñería cada un de nós?
- Buscamos máis información sobre a autora na biblioteca escolar ou na rede. Podemos facer o mesmo coa ilustradora.
- Comparamos a primeira e a última ilustración, así como o texto de cada unha delas.
- Hai unha ilustración na que se adiviña a Manuel impaciente. Busquémola e expliquemos en que aceno o notamos. Isto poderanos dar pé para ir facendo unha especie de dicionario de acenos (primeiro descubrímoslos e logo describímoslos). Practicáremoslos entre todos para ir perfeccionando a expresión.
- É importante saber dicir non. Manuel faino, a pesar das ganas que ten de estar en familia, non acepta marchar cos primeiros que chaman á súa porta. Pensemos en que casos tampouco nós aceptamos. Imaxinemos a vida do vello mestre nesa casa coa señora dos pelos de pincho e o neno cos dentes apertados (coma un can malo, dise no texto).

actividades

- Opinemos sobre iso que di a nai: «Pero nin se lle ocorra contrariar ao neno». A eses rapaces que fan sempre o que queren chámaselles «pequenos ditadores», pois son coma os grandes autoritarios que gobernan os países coa forza das armas. Podemos realizar un cómic inventando un personaxe deste tipo.
- Nunha carreira de velocidade, busquemos unha comparación no texto.
- «¡Vou fabricar a felicidade!» –dixo Manuel. Nós tampouco temos por que ser menos. Probemos! Mesmo podemos elaborar unha receita.
- Observemos os anuncios de prensa. Sorprenderémonos de todo o que se oferta. Probemos a anunciar algo seguindo esta tipoloxía.
- Un escritor, Agustín Fernández Paz, escribiu un libro chamado *Contos por palabras*, partindo deses anuncios. Nós podemos probar a facer un semellante.
- Os trillizos «eran coma uvas dun mesmo acio». Busquemos outras maneiras de definilos.
- Busquemos as diferenzas entre a primeira nai e a segunda ou entre o primeiro neno e os outros tres.
- «Os trillizos regaláronlle tres sorrisos...» Que outras cousas se poden regalar sen cartos?
- A imaxe da merenda cos trillizos podería lembrar un anuncio de televisión que ten como slogan «Se ti les, el le». Se alguén o coñece pode explicalo. Agora vós, en base a esta ilustración, poderíades facer propaganda a favor da lectura. Océrrasevos algo?
- Facemos un punto de lectura axeitado a este libro.

Despois da lectura

- Preguntémonos a razón pola que nos chama a atención o título e a historia. A quen se adopta normalmente? En que se parecen os nenos e os vellos? Tería sentido adoptar vellos? Coñecemos algún que vive cunha familia que non é a súa?
- Realicemos un debate acerca do coidado dos avós.
- Hai que ser creativos para solucionar os problemas, tal como fai Manuel. Pensemos en cales son as dificultades que vemos no mundo e a maneira na que os arranxaríamos nós.
- Busquemos a sinatura da ilustradora en cada un dos debuxos.
- Observemos as cores que máis se repiten nas ilustracións.
- Opinemos todos e todas sobre o libro. Se nos gustou, podemos presentarllo a outros compañeiros que non o coñezan ou escribir un texto recomendando a súa lectura, que posteriormente colocaremos no taboleiro da biblioteca ou na revista escolar.
- Realizamos unha posta en común para falar da xente maior que coñecemos, o que fai, como os vemos, onde viven e con quen...
- Pensamos se necesitarán compañía e, se é así, se podemos colaborar en algo para que non se sintan sos.
- Leamos outros libros desta autora e outros ilustrados por M^a Fe Quesada.
- Podemos facer unha sesión que verse sobre esta autora, na que cadaquén presenta o libro que leu ou lle gustou dela.
- Pensamos a quen agasallaríamos con este libro e escribímoslle unha dedicatoria.



Pedidos a:

**Comercial Grupo Anaya
Polígono de Bergondo
1ª Travesía - Parcela B1
15.165 Bergondo (A Coruña)
Telf.: 981 795 656 / Fax: 981 795 660**

XERAIS

**Doutor Maraño, 12. 36211 Vigo
Apartado Postal 1446. 36200 Vigo
Teléfonos (986) 21 48 88 - 21 48 80
Telefax: (986) 20 13 66
Correo electrónico: xerais@xerais.es
<http://www.xerais.es/>**

EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA



© Pilar Sampedro e Maruxa Caamaño, 2007
© Edicións Xerais de Galicia, S.A., 2007
Depósito legal: VG. 53-2007